

Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DA POLICÍA LOCAL

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DA POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS

Que o Pleno da Corporación Municipal, na sesión ordinaria levada a cabo o día 31 de xaneiro de 2023, aprobou inicialmente o Regulamento de organización e funcionamento do servizo da policía local do Concello de Ponteareas.

De conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no BOP de Pontevedra de data 8 de febreiro de 2023, publicouse anuncio de aprobación inicial e abriuse período de información pública de trinta días hábiles, aos efectos de que as persoas interesadas puidesen presentar as reclamacións ou suxestións que estimasen oportunas.

Transcorrido o prazo de exposición pública sen presentarse polas persoas interesadas reclamación ou suxestión algunha, enténdese aprobado definitivamente o Regulamento de organización e funcionamento do servizo da policía local do Concello de Ponteareas.

A entrada en vigor do Regulamento producirase no prazo de 15 días hábiles, contados dende a publicación do texto íntegro do acordo no BOP de Pontevedra.

Contra o acordo de aprobación definitiva, as persoas interesadas poderán interpor, ante a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP.

REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS

PREÁMBULO

A Lei Orgánica 2/1986, do 13 de marzo, deseñou as bases fundamentais do réxime xurídico das Forzas e Corpos de Seguridade, establecendo os principios básicos de actuación comúns a todos os Policías e fixou os seus criterios estatutarios fundamentais, baixo a pretensión de iniciar unha nova etapa na que destacase a consideración da Policía como un servizo público dirixido á protección da comunidade, mediante a defensa do ordenamento democrático.

A mesma Lei orgánica proclama que os Policías Locais son integrantes das Forzas e Corpos de Seguridade, asignándolles unhas funcións propias acordes coa actividade que, tradicionalmente,



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

viñan realizando e atribuíndolles tamén as funcións de participación coas outras Forzas e Corpos de Seguridade en materia de Policía Xudicial e de Seguridade Cidadá, funcións de participación que na práctica víronse reforzadas polos convenios asinados polo Ministerio do Interior e a FEMP, así como polos acordos adoptados nas Xuntas Locais de Seguridade.

A citada lei Orgánica recoñece a potestade normativa das Comunidades Autónomas na materia de coordinación de Policía Local, sen prexuízo da ordenación complementaria de cada Corpo de Policía Local pola respectiva Corporación Municipal, como expresión da autonomía municipal recoñecida na nosa Constitución.

Deste xeito, a Comunidade Autónoma de Galicia, mediante a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, veu establecer o marco legislativo para o desenvolvemento das súas competencias, entre as que destacan as referidas ás funcións de homoxeneización dos corpos de Policía Local, a unificación dos criterios de ingreso, promoción, mobilidade e formación dos seus membros. Así mesmo esta Lei recolle os principios básicos polos que se rexerán os corpos de Policía Local, a súa organización e estrutura, segunda actividade e réxime disciplinario.

Pola súa banda a vixente disposición final terceira da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, preceptúa que o persoal das policía locais gozará dun estatuto específico, aprobado regulamentariamente, tendo en conta a Lei de Forzas e Corpos de Seguridade.

De conformidade co disposto na Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, na súa Disposición adicional segunda bis-Regulamentos, os concellos poderán elaborar e aprobar un regulamento de organización e funcionamento do corpo de Policía local, que haberá de axustarse ao establecido na normativa de coordinación vixente, como normas marco de referencia.

Por todo iso, establécese o presente Regulamento de Organización e Funcionamento do Servizo de Policía Local de Pontearreas, o cal queda supeditado ás leis e demais disposicións de aplicación.

En consecuencia, o réxime estatutario dos membros do Corpo da Policía Local de Pontearreas estará constituído polos preceptos contidos na Lei orgánica de forzas e corpos de seguridade que lles sexan aplicables, polas disposicións deste Regulamento, polas normas do réxime local, polas disposicións ditadas para este efecto pola Comunidade Autónoma, polo Estatuto básico do emprego público e demais normas que lles resulten de aplicación.

Título Preliminar e Disposicións Xerais

Art. 1: Obxecto

O presente Regulamento ten por obxecto establecer a estrutura e organización, os criterios de actuación e funcionamento así como o estatuto do persoal integrante do Servizo de Policía Local do Concello de Pontearreas.



Este Regulamento aplicarase a todas as persoas que forman parte do Servizo da Policía Local do Concello de Ponteareas, así como a aquelas que se atopen en período de prácticas, o persoal contratado con funcións de auxiliar de policía e o persoal non policial adscrito ao Servizo.

Art. 2: Finalidade

O Corpo da Policía Local de Ponteareas é un Corpo de Seguridade que ten como finalidade a protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades, contribuíndo ao mantemento da seguridade cidadá e a consecución do benestar social, cooperando con outros axentes sociais e outras Administracións Públicas, especialmente nos ámbitos: preventivo, asistencial e de rehabilitación.

Art. 3: Natureza e Denominación

1. O corpo da Policía Local de Ponteareas, como integrante das Forzas e Corpos de Seguridade, é un instituto armado de natureza civil, con estrutura e organización xerárquica, que se integra como un corpo único baixo a superior autoridade e dependencia da Alcaldía, ou da Concellería en que aquela delegue. O mando inmediato e operativo corresponderá ao/á Xefe/a do Corpo.

2. No exercicio das súas funcións, as persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Ponteareas terán o carácter e a consideración de Axentes da Autoridade. Para todos os efectos legais terán esta condición nos seguintes casos:

- Cando estean en acto de servizo e vestindo o uniforme regulamentario, ou ben, cando debidamente autorizados/as, vistan de paisano/a para a determinación das funcións encomendadas.
- Nos casos nos que atopándose fora de servizo, a súa actuación veña motivada por obriga para evitar a comisión de feitos delituosos, para deter aos/ás seus/súas autores/as, e sempre que teñan que intervir en defensa da Lei e/ou da Seguridade Cidadá.

3. A Policía Local de Ponteareas formará un corpo único, no que estará integrado todo o persoal ás ordes directas do/a Xefe/a da mesma, que ostentará a máxima xerarquía, baixo a superior autoridade e dependencia do/a Alcalde/sa.

A súa denominación será “Corpo de Policía Local de Ponteareas” e as súas dependencias denominaranse “Xefatura da Policía Local de Ponteareas”.

Art. 4: Réxime xurídico

A Policía Local de Ponteareas, rexerese en canto o seu réxime estatutario, polo establecido na Lei Orgánica 2/86, 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade, na Lei 4/2007, 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais, ás disposicións que a desenvolvan dentro da Comunidade Autónoma de Galicia e polos Regulamentos, Convenios e demais normativas que dite o Concello de Ponteareas



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

Art. 5: Ámbito territorial

1. O Corpo da Policía Local de Pontearreas exercerá as súas funcións no ámbito territorial do Concello de Pontearreas.

2. No en tanto o anterior, poderá exercer as súas funcións fóra do termo municipal de conformidade co establecido no ordenamento xurídico vixente e, máis concretamente, nos seguintes supostos:

a. En situacións de emerxencia en persecución dun delito que se extralimite do municipio.

b. Cando sexan requiridos/as pola autoridade competente, previa autorización e sempre en situación de emerxencia.

c. Cando exerzan funcións de protección de autoridades da Corporación Local, en aplicación do estipulado na Lei de Forzas e Corpos de Seguridade.

d. Cando sexan autorizados pola Xunta Local de Seguridade ou, na súa falla polo/a Sr/a. Alcalde/sa.

e. Con ocasión dos acordos de asociación ou colaboración que, en aplicación da normativa autonómica en materia de coordinación de policía locais de Galicia, puidesen subscribirse entre municipios para a execución das funcións que o ordenamento xurídico outorga ás policía locais.

3. No caso de colaboración, cooperación, apoio ou auxilio con outros servizos ou institucións, a actuación do persoal funcionario da Policía Local realizárase sempre baixo as ordes dos seus mandos naturais e dependendo funcional e temporalmente da dirección coordinada que se estableza en cada caso sen prexuízo dos dereitos económicos ou de descanso que lles puidesen corresponder e da dependencia de xuíces, tribunais e ministerio fiscal no que afecta as funcións de Policía Xudicial.

Art. 6: Relacións con outras administracións

En relación con outras administracións estarase o disposto no Art. 148.1, 22 da Constitución Española, ás normas xerais do réxime local e as disposicións legais relativas á Comunidade Autónoma de Galicia ou dimanantes da mesma e demais disposicións concordantes.

Art. 7: Principios básicos de actuación

A Policía Local exercerá primordialmente funcións de prevención, impedindo coa súa presenza uniformada a comisión de feitos delituosos.

Son principios básicos de actuación dos membros da Policía Local de Pontearreas, os seguintes:

1. Adecuación ao ordenamento xurídico, especialmente:

a) Exercer a súa función con absoluto respecto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

b) Actuar no cumprimento das súas funcións, con absoluta neutralidade política e imparcialidade, e, en consecuencia, sen discriminación algunha por razón de raza, relixión, sexo u opinión.

c) Actuar con integridade e dignidade. En particular deberán absterse de todo acto de corrupción e opoñerse a elo resoltamente.

d) Suxeitarse na súa actuación profesional aos principios de xerarquía e subordinación. En ningún caso a obediencia debida poderá amparar ordes que entrañen a execución de actos que manifestamente constitúan delito ou sexan contrarios á Constitución ou ás Leis.

e) Colaborar coa Administración de Xustiza e auxiliala nos termos establecidos na Lei.

2. Relacións coa comunidade. Singularmente:

a) Impedir, no exercicio dea súa actuación profesional, calquera práctica abusiva, arbitraria ou discriminatoria que entrañe violencia física ou moral.

b) Observar en todo momento un trato correcto e esmerado nas súas relacións cos cidadáns e cidadás, a quen procurarán auxiliar y protexer, sempre que as circunstancias o aconsellen ou fosen requiridos para elo. En todas as súas intervencións, proporcionarán información tan ampla como sexa posible, sobre as causas e finalidade das mesmas.

c) No exercicio das súas funcións deberán actuar coa decisión necesaria e sen demora cando de elo dependa evitar un dano grave, inmediato e irreparable, rexéndose ao facelo polos principios de congruencia, oportunidade e proporcionalidade na utilización dos medios ao seu alcance.

3. Tratamento de detidos/as, especialmente:

a) Os membros da Policía Local de Ponteareas deberán identificarse debidamente como tales no momento de efectuar unha detención.

b) Velarán pola vida e integridade física das persoas a quen detivesen que se atopen baixo a súa custodia e respectarán a honra e a dignidade das persoas.

c) Darán cumprimento e observarán coa debida dilixencia os trámites, prazos e requisitos esixidos polo ordenamento xurídico, cando se proceda á detención dunha persoa.

4. Dedicación profesional: Deberán levar a cabo as súas funcións con total dedicación, debendo intervir sempre, en calquera tempo e lugar, atopándose ou non de servizo, na defensa da lei e a seguridade cidadá.

5. Segredo profesional: Deberán gardar rigoroso segredo respecto de todas as informacións que coñezan por razón ou con ocasión do desempeño das súas funcións. Non estarán obrigados/as a revelar as fontes de información, salvo que o exercicio das súas funcións ou as disposicións da lei lles impoña actuar doutro xeito.

6. Responsabilidade:



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

a) Son responsables persoal e directamente polos actos que na súa actuación profesional leven a cabo, infrinxindo ou vulnerando as normas legais, así como as regulamentarias que rexon a súa profesión e os principios enunciados anteriormente, sen prexuízo da responsabilidade patrimonial que poda corresponder ás Administracións Públicas polas mesmas.

b) Os membros do corpo da Policía Local de Pontearreas terán dereito á asistencia letrada nos casos preceptivamente esixidos pola Lei, a este fin a Corporación Local garantirá a necesaria defensa xurídica nas causas que se sigan contra eles/as como consecuencia de actuacións realizadas no exercicio das súas funcións

7. Cooperación recíproca: Os membros do corpo de Policía Local axustarán a súa actuación ao principio de cooperación recíproca con outras Forzas e Corpos de Seguridade e a súa coordinación efectuarase a través dos órganos que para ese efecto estableza a Lei.

8. Cooperación e colaboración con outros servizos e institucións:

a) No caso de que algunha outra autoridade, concelleiro/a, funcionario/a ou institución precisase dos servizos da Policía Local, excluíndose deste suposto as situacións de emerxencia, deberá solicitalos con suficiente antelación á Alcaldía, a que disporá o conveniente sobre a práctica do servizo. A este respecto terase presente que a actuación dos/as funcionarios/as da Policía Local realizarase sempre baixo as ordes dos seus mandos naturais, sen prexuízo da dependencia de xuíces e tribunais no que afecta as funcións de Policía Xudicial.

b) En caso de urxencia ou de imposibilidade manifesta de solicitar este servizo, a Xefatura do Corpo ou mando responsable do mesmo poderá resolver sobre esta colaboración dando conta posteriormente

9. As resolucións da Asemblea Xeral das Nacións Unidas sobre o Código de Conduta para os funcionarios encargados de facer cumprir a Lei aprobada na 106 Sesión Plenaria do 17 de decembro de 1979 e a Resolución 690/79 da Asemblea Plenaria do Consello de Europa na súa 31 Sesión, vincula a todos os membros da Policía Local de Pontearreas no exercicio das súas funcións.

Fóra dos casos previstos no ordenamento xurídico vixente, a demanda de servizos da Policía Local de Pontearreas efectuarase pola Autoridade o Institución solicitante, a través do/a Alcalde/sa ou Concelleiro/a Delegado/a, quen disporá o conveniente en cada caso. A este respecto, terase presente que a actividade dos/as funcionarios/as policiais, efectuarase sempre baixo as ordes dos seus mandos naturais, sen prexuízo da competencia dos Xuíces, Fiscais e Tribunais no que afecta as súas funcións de Policía Xudicial.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

Título I: Funcións do Corpo da Policía Local de Ponteareas.**Art. 8:**

A Lei Orgánica 2/86 de Forzas e Corpos de Seguridade establece no seu artigo 52.1: “Os Corpos de Policía Local son Institutos armados de natureza civil, con estrutura e organización xerarquizada, rexéndose, en canto ao seu réxime estatutario, polos principios xerais dos capítulos II e III do título I e pola sección 4.ª do capítulo IV do título II da presente Lei, coa adecuación que esixa a dependencia da Administración correspondente, as disposicións ditadas respecto diso polas Comunidades Autónomas que no caso de Galicia e a Lei 4/2007 de Coordinación das Policía Local e os Regulamentos específicos para cada Corpo e demais normas ditadas polos correspondentes Concellos”.

No artigo 53.1 da LOFCS, especifícanse as funcións que deben exercer os Corpos de Policía Local. A estas funcións hai que engadirles as que posteriormente poden desenvolverse a través das Leis de Coordinación Autonómicas e as que o Concello de Ponteareas decida como poden ser: policía turística, policía de mediación, axentes titores, etc.

Art. 9: Funcións

Serán funcións do Corpo da Policía Local as seguintes:

1. Protección do libre exercicio dos dereitos e liberdades e garantir a seguridade pública, mediante o desempeño das funcións atribuídas legalmente, especialmente, das seguintes:

a) Protexer ás autoridades das Corporacións Locais e a vixilancia e custodia dos seus edificios, instalacións e bens municipais.

b) Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no centro urbano, denunciando infraccións no seu caso, de acordo co establecido nas normas de tráfico e seguridade viaria, incluíndo a revisión e control de vehículos estacionados en zona urbana baixo a normativa do Ordenación e Regulación do Aparcamento (ORA).

c) Velar polo mantemento da orde e a legalidade nas feiras e mercados do Concello.

d) Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do centro urbano. Cando se interveña en accidente que non constituía infracción penal, documentarase e arquivará internamente a actuación, entregando a mesma á autoridade xudicial se especificamente requiríasea.

e) Atestados por delitos contra a Seguridade Viaria no termino municipal, así como efectuar dilixencias de prevención e cantas actuacións tendan a evitar a comisión de actos delituosos, no marco de colaboración establecido nas Xuntas de Seguridade.

f) Actuar como policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións e actos locais no ámbito da súa competencia.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

g) Participar no exercicio das funcións de Policía Xudicial, de conformidade co establecido na lexislación vixente, auxiliando ós/ás Xuíces, Tribunais e Ministerio Fiscal no esclarecemento das infraccións penais e no descubrimento e detención dos/das delincuentes, cando sexan requiridos para iso, practicando, por iniciativa propia ou a requirimento da autoridade xudicial, Ministerio Fiscal ou dos/das superiores xerárquicos/as, as primeiras dilixencias de prevención e custodia dos efectos, instrumentos ou probas do delito, dando conta das actuacións aos órganos citados ou ao corpo policial que corresponda.

h) Xestionar as entregas de notificacións procedentes dos xulgados, cando sexa requirido pola autoridade xudicial, ou do Concello, en casos de a ausencias ou amoreamento no servizo do/a Notificador/a municipal, que requiran constancia oficial do seu trámite.

i) Prestar auxilio nos casos de accidente, catástrofe ou calamidade pública, participando, na forma prevista nas leis, na execución dos plans de Protección Civil.

j) Vixiar os espazos públicos e colaborar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na protección das manifestacións e no mantemento da orde en grandes concentracións humanas, cando sexan requiridos para iso.

k) Cooperar na resolución dos conflitos privados cando sexan requiridos para iso.

l) Vixiar e custodiar ós/ás detidos/as que se atopen a disposición xudicial no calabozo municipal, se existise.

m) Participar no desenvolvemento de programas, plans e campañas de educación e sensibilización en materia de seguridade pública, de seguridade viaria e de mobilidade sustentable, prestando colaboración aos organismos e centros que o soliciten.

n) Protexer o medio ambiente, velando polo cumprimento das disposicións aplicables en materia de recursos naturais, medio ambiente e protección de flora e fauna, denunciando o seu incumprimento, de conformidade co marco competencial atribuído ás respectivas Corporacións Locais.

o) Calquera outra función de policía e de seguridade, que de acordo coa lexislación vixente, lles sexa encomendada.

2. En virtude de convenio entre a Xunta de Galicia e os concellos, no marco das competencias da Policía de Galicia, os corpos de Policía local tamén poderán exercer, dentro do seu termo municipal, as seguintes funcións:

a) Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, o medio ambiente, a saúde e a muller, sobre todo no ámbito da violencia de xénero.

b) A vixilancia e protección de persoas, órganos, edificios, establecementos e dependencias da comunidade autónoma e dos seus entes instrumentais, garantindo o normal funcionamento das instalacións e a seguridade dos usuarios dos servizos.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

c) A inspección das actividades sometidas á ordenación e disciplina da comunidade autónoma, denunciando toda actividade ilícita. d) O uso da coacción para a execución forzosa dos actos ou disposicións da propia comunidade autónoma.

Existe tamén diversa normativa que, de forma directa ou indirecta, atribúe funcións de aplicación aos corpos das Policía Localis:

3. Tarefas atribuídas de forma indirecta pola Lei 7/1985 de Réxime Local, artigo 25.2:

- a) Disciplina urbanística e control de obras.
- b) Protección do medio ambiente.
- c) Vixilancia da infraestrutura viaria e equipamentos de titularidade municipal.
- d) Detección e atención a persoas en situación ou risco de exclusión social.
- e) Ordenación do tráfico de vehículos e de persoas nas vías urbanas.
- f) Seguridade en lugares públicos.
- g) Venda ambulante e control de feiras.
- h) Vixilancia da escolaridade obrigatoria.
- i) Vixilancia de edificios municipais.

4. Tarefas atribuídas pola colaboración con outras Institucións:

a) Xulgados e Fiscalías. LOPJ, arts. 548.1 e 549.1: Vixilancia de penas en réxime de localización permanente, ordes de afastamento, cumprimento efectivo de condenas, citacións, avisos, comunicacións, intervencións, auxilio xudicial en alzamentos ou rexistros, toma de declaración a vítimas, testemuñas e implicados en dilixencias penais, acompañamentos de enfermos/as psíquicos/as-psiquiátricos/as, localizacións e precintos de vehículos, incapacidades, ingresos de enfermos/as en centros de atención mental, investigacións de domicilio, localizacións, notificacións de sentenzas etc...

b) Xefatura Provincial de Tráfico. RD 818/2009, 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Condutores, art. 39.2: Notificación de expedientes de resolucións declarativas de perda de vixencia de autorización administrativa para conducir así como a súa intervención e remisión ás Xefaturas Provinciais de Tráfico, así como notificar expedientes por detracción de puntos, perda da autorización administración para conducir, actas de entrega da correspondente autorización administrativa e todo o relacionado coa materia.

c) Seguridade Social. RD 1415/2004, de 11 de xuño, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación da Seguridade Social, arts. 102.1 e 106.6 Providencias de embargos da Unidade de Recadación Executiva da Seguridade Social de captura, depósito e precinto de vehículos.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

d) Axencia Tributaria. Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, art. 142: As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario ós/ás funcionarios/as para o exercicio das funcións de inspección.

e) Protección Civil. Lei 25/1997, de 26 de decembro, de regulación do servizo de atención de urxencias 112, art. 6: As Administracións Públicas e as Entidades Públicas ou Privadas cuxa actividade estea directa ou indirectamente relacionada cos servizos aos que se refire o apartado primeiro do artigo 2 desta Lei, deberán prestar a súa colaboración aos órganos, persoal e autoridades do Centro de Atención de Chamadas de Urxencia 112. Tal deber de colaboración incumbe, na forma determinada nesta Lei ás Policía Localis.

f) Contrabando. Real Decreto 1649/1998, de 24 de xullo, pola que se desenvolve o Título II da Lei Orgánica 12/1995, de 12 de decembro, de represión do contrabando, relativo ás infraccións administrativas de contrabando, arts. 21 e 22c 2. As Forzas e Corpos de Seguridade e as autoridades militares citadas nas letras c) e d) do apartado 2 do artigo 20 poderán actuar nos seguintes casos:

a. Cando por razóns de urxencia sexan requiridas ao efecto polos/as funcionarios/as e forzas a quen este encomendada a persecución e o descubrimento do contrabando.

b. Cando sorprendan ós/ás infractores/as no momento de cometer a infracción.

c. Cando coñezan algunha infracción de contrabando e poidan realizar preventivamente a aprehensión dos bens, mercadorías, xéneros ou efectos, se non se achán presentes as persoas mencionadas no artigo 20.2, parágrafos a) e b).

5. Tarefas atribuídas en relación a materias específicas:

a) Defensa do/a consumidor/a. Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do/a consumidor/a e da produción agroalimentaria, art. 13.1 “No exercicio da súa función, os/as Inspectores/as terán o carácter de autoridade e poderán solicitar o apoio necesario de calquera outra, así como das Forzas e Corpos de Seguridade”.

b) Menores e mocidade. Ley 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, art. 13 e 14 Expedientes de Protección dirixidos ao estudo da situación socio-familiar e valoración de necesidade de medida de protección de menores.

c) Recadación (Facenda). Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, art. 92.4 Captura, depósito e precinto de vehículos e estado de conservación a instancias da Axencia Tributaria.

d) Procesos electorais. Lei Orgánica 5/85, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral. Real Decreto 400/2012, de 17 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio do Interior, art. 1: Correspóndelle, entre outras funcións, a realización das actuacións necesarias para o desenvolvemento dos procesos electorais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:EBNVAX6OJSCA8C2Q



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

e) Espectáculos públicos. RD 2816/82, de 27 de agosto, Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas, art. 78.1 e 78.2 Horarios de espectáculos públicos, locais de lecer, actividades recreativas e actividades de especial interese policial (botellón, as festas e verbenas populares). Tamén corresponde a función de vixilancia ás Policía locais, baixo as ordes das respectivas autoridades, especialmente nos municipios en que non teñan a súa sede forzas ou unidades dos Corpos de Seguridade do Estado.

f) Tráfico: A ordenación e o control do tráfico nas vías urbanas da súa titularidade, así como a súa vixilancia por medio de axentes propios, a denuncia das infraccións que se cometan nas devanditas vías e a sanción das mesmas cando non estea expresamente atribuída a outra Administración, denuncias por infracción a Autorizacións Administrativas para conducir, denuncias por infracción a Autorizacións Administrativas para circular, denuncias por incumprimento de Inspección e condicións técnicas de vehículos para circular, seguro Obrigatorio RDL 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na circulación de vehículos a motor e denuncias por incumprimento da obrigaçión de asegurarse.

g) Funcións atribuídas por Convenios entre o M^o do Interior, a FEMP e os Concellos Convenio Marco de Colaboración, cooperación e coordinación entre o Ministerio do Interior e a Federación Española de Municipios e Provincias, en materia de seguridade cidadá e seguridade viaria.

h) Recepción de denuncias como á investigación dos feitos, en relación coas seguintes infraccións penais, cando constitúan delito leve ou delito menos grave: Delitos leves, lesións que non requiran hospitalización, violencia doméstica e de xénero, delitos contra as relacións familiares, quebrantamentos de condena; de localización permanente, ordes de afastamento e privacións do permiso de conducir, furtos, denuncias por recuperación de vehículos, patrimonio histórico municipal, actividades de carácter comercial ou con ánimo de lucro realizadas na vía pública ou feiras e que constitúan delitos contra a propiedade intelectual ou industrial, defraudacións de fluído eléctrico e análogo, delitos contra a seguridade do tráfico, ameazas e coaccións, omisión do deber de socorro, danos en xeral e, en especial, os causados ao mobiliario urbano, etc...

i) Funcións atribuídas por outros Acordos, Protocolos e Convenios asinados polos Concellos: Protocolo de colaboración e coordinación entre as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e os Corpos de Policía Local para a protección das vítimas de violencia doméstica e de xénero.

TÍTULO II.- Da estrutura e organización

Art. 10: Estrutura

1. O Servizo de Policía Local de Pontearreas intégrase nun corpo único, que se organiza de conformidade co establecido no presente Regulamento e nas normas, directrices e instrucións que se diten no seu desenvolvemento.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

Todo isto sen prexuízo das especialidades e/ou seccións que se poidan constituír, desenvolvendo as guías, protocolos ou procedementos operativos, de acordo coas necesidades do servizo.

2. A estrutura organizativa do Corpo deberá de axustarse, en función dos recursos e da dotación de persoal e de medios dispoñibles, ao organigrama oficialmente aprobado.

3. A organización da estrutura interna e as súas variacións efectuaranse pola Alcaldía ou Concellería delegada, sempre previa proposta da Xefatura do Corpo.

4. A xerarquización do Corpo obriga á utilización do conduto regulamentario como medio de transmisión de ordes, informes e solicitudes relativas ao servizo.

Cada membro do Corpo realizará as actuacións encomendadas cumprindo puntualmente as ordes dos/as seus/súas superiores xerárquicos/as e actuando con autonomía e transparencia, dándolles conta das actuacións e dos resultados dos dispositivos establecidos para a prestación do servizo.

5. Aquelas ordes que pola súa complexidade, importancia, problemática realización ou calquera motivo análogo poida orixinar malentendidos ou situacións conflitivas, segundo a avaliación do mando, e cando a urxencia dos servizos o permita, serán cursadas por escrito.

Se un/ha subordinado/a crera que algunha orde pode ser obxecto de especial responsabilidade, poderá solicitar que se lle dea por escrito.

6. Calquera compoñente do Corpo poderá dirixir informe, pedimento ou queixa a calquera superior xerárquico/a, incluída a Alcaldía:

- Todo/a membro do Corpo que realice un informe, pedimento ou queixa a un/ha superior xerárquico/a poderá facelo por duplicado, quedando unha copia coa xustificación da entrega no seu poder.
- Todo elo sen prexuízo dos dereitos e competencias que correspondan aos/as representantes sindicais membros do Corpo da Policía Local no exercicio das súas funcións.

7. O servizo da Policía Local estará coordinado cos restantes servizos municipais e cos doutras institucións. Existirá unha mutua coordinación e información recíproca entre a Policía Local e as demais forzas e corpos de seguridade na elaboración dos plans e actividades de seguridade conxunta no marco dos órganos, externos e internos, de coordinación da seguridade cidadá.

8. Cando as necesidades do servizo requíranlo, as funcións de categoría superior poderán ser asignadas expresa e provisionalmente a persoal da categoría inmediatamente inferior.

Art. 11: Escalas

A lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais no seus artigos 24 e 25 establece as escalas e función que deben de desenvolver cada unha delas, sen prexuízo do exercicio de todas as funcións xerais encomendadas ás persoas integrantes dos Corpos de Policía



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

Local, e doutras funcións que se lles atribúan, corresponderá ao persoal funcionario de cada escala, con carácter xeral, as seguintes funcións:

a) Escala superior que comprende a categoría de superintendente: a organización, dirección, coordinación e supervisión das distintas unidades e servizos do corpo.

b) Escala técnica que comprende as categorías de intendente principal e intendente: a responsabilidade inmediata na planificación e execución dos servizos.

c) Escala executiva que comprende as categorías de inspector principal e inspector: o mando operativo e a supervisión das tarefas executivas das unidades ao seu cargo.

d) Escala básica que comprende a categoría de oficial e policía: o cumprimento das funcións policiais propias do servizo. A realización de funcións planificadas polos seus superiores.

Art. 12: Xefatura do Corpo

1. A Xefatura do Corpo de Policía Local de Pontearreas correspóndelle á persoa a cargo do posto de Inspector/a da Policía Local, rexistrado na Relación de Postos de Traballo do Concello de Pontearreas, sempre e cando non exista un posto superior, que nese caso será quen ocupe o posto da Xefatura.

No caso de que o posto de Inspector/a estea baleiro ou en ausencia da persoa ao seu cargo, a Alcaldía deberá nomear de entre os/as funcionarios/as ocupantes dos postos de Oficial de Policía Local a persoa que exerza esta función, correspondéndolle como compensación económica, polo tempo que dure o nomeamento, a asignación do complemento específico que, segundo a Relación de Postos de Traballo, lle corresponde ao posto de Inspector/a.

2. O nomeamento da persoa titular da Xefatura do Corpo de Policía local será efectuado pola Alcaldía polo sistema de libre designación, de acordo cos principios de igualdade, mérito e capacidade, previa convocatoria pública na que poderán participar funcionarios/as de carreira que teñan a máxima categoría do persoal do Corpo de Policía do Concello de Pontearreas.

3. A persoa titular da Xefatura do Corpo exerce a máxima responsabilidade na Policía local e ostenta o mando inmediato sobre todo o persoal do Servizo, as unidades, seccións e demais grupos en que se organice, baixo a superior autoridade da Alcaldía, sen prexuízo das delegacións de competencias legalmente establecidas.

4. Amais das funcións que lle corresponden, en función da normativa vixente, corresponderá á persoa titular da Xefatura do Corpo o desempeño das funcións incluídas na normativa interna municipal e no presente Regulamento.

5. Corresponderanlle á Xefatura do Corpo as seguintes funcións:

- Transformar en ordes concretas as directrices recibidas do Alcalde ou Alcaldesa e/ou do/a Concelleiro/a delegado/a da Policía Local.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

- Proponer á Alcaldía ou Concellería delegada as medidas organizativas e os proxectos de planificación e coordinación en orde á maior eficacia do servizo.
- O mando, dirección, coordinación e inspección da totalidade dos servizos operativos do Corpo, así como as actividades administrativas relacionadas directamente coas súas funcións, e ditar as ordes e instrucións que estime conveniente para mellor eficacia e funcionamento do Servizo.
- Planificación das quendas dos membros do Corpo de Policía segundo o establecido no presente regulamento, así como a asignación dos servizos extraordinarios previstos e previsión para os posibles imprevistos.

Os servizos extraordinarios serán comunicados aos axentes con suficiente antelación e cun mínimo de 3 días, sempre que non xurdan por imprevistos. O seu outorgamento debe ser equitativo entre todos os membros da policía, polo que o procedemento a seguir para realizar eses reforzos se decidirá entre todos os axentes e llo comunicarán a Xefatura. No caso de que non se chegue a acordo por parte dos axentes será Xefatura quen decida. Ao final de ano o número de servizos extraordinarios realizados polos axentes deben de ser iguais ou practicamente iguais entre si.

- Emitir ordes de servizo, circulares, protocolos de actuación, comunicados e similares, polos que fará públicas as normas de xeral coñecemento e debido cumprimento por todo o persoal.
- Delegación de tarefas e actividades nos membros do Corpo de Policía.
- Acudir persoalmente, salvo delegación expresa noutro mando, ó lugar de todo suceso moi grave que ocorra dentro do termo municipal, dispondo a prestación dos servizos e adoptando as medidas necesarias, informando de forma inmediata ó/á Alcalde/sa ou Concelleiro/a Delegado/a cando a magnitude do caso requírao.
- Concorrer ás reunión dos órganos, externos e internos, de coordinación da seguridade cidadá.
- Proponer á Alcaldía ou á Concellería delegada a iniciación de expedientes disciplinarios, así como os de compensacións, premios e recompensas ás que o persoal asignado ao Servizo se faga acreedor.
- Elaborar unha memoria anual de actividades e resultados.
- Informar á Alcaldía e á Concellería delegada do desenvolvemento dos servizos e materializar e facer cumprir as ordes ditadas.
- Elevar á Alcaldía ou á Concellería delegada as propostas orzamentarias.
- Proponer á Alcaldía as necesidades de recursos materiais e humanos do Servizo, así como os plans de formación do persoal.
- Representar ao Corpo ante autoridades e/ou organismos, sen prexuízo da representación que corresponda ao/á Alcalde/sa e ao/á Concelleiro/a delegado/a.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

- Manter as relacións pertinentes cos/coas Fiscais, Xuíces/as e Tribunais nas funcións de Policía Xudicial que corresponden ao Corpo, así como os demais Corpos e Forzas de Seguridade.
- Desempeñar outras funcións ou competencias que se deriven do exercicio do seu cargo, executando cantas actividades ou tarefas se establezan, ou lle poidan ser asignadas, pola normativa vixente e aquelas que se recollan na ficha de valoración da RPT.

6. Nos casos de ausencia (vacacións, permisos, enfermidade), do/a funcionario/a titular, o/a Alcalde/sa, sempre que for necesario, nomeará outro/a funcionario/a do corpo da mesma categoría ou, se non o hai, da inmediatamente inferior, atendendo ós criterios de mérito e capacidade, percibindo a correspondente compensación económica polo tempo que dure o cargo ou a responsabilidade. Esta situación será sempre temporal.

7. O/A Xefe/a do corpo, polas súas funcións específicas que ten encomendadas, e dependendo das necesidades do servizo, disporá de flexibilidade na xornada de traballo.

Art. 13: Mandos.

Os mando como establece a lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación das policía locais no seus artigos 24 e 25 establece que son os membros pertencentes a escala executiva, técnica e superior, salvo que algún membro do Corpo de inferior escala ostente a Xefatura do corpo.

Son funcións dos Mandos do Corpo as seguintes:

- Instruirán aos seus subordinados teórica e practicamente, poñéndolles de manifesto que a observancia das disposicións se debe practicar por propio convencemento.
- Dentro das súas respectivas competencias e atribucións, resolverán as incidencias que puidesen xurdir no servizo, debendo informar ao seu inmediato superior das disposicións adoptadas, salvo se fosen manifestamente irrelevantes.
- Explicarán coa maior precisión posible os labores que deben ser desenvolvidos polos seus subordinados, esixíndolles o cumprimento das obrigas que teñan asignadas e corrixindo por si mesmos as anomalías que observaren ou das cales tiveren coñecemento.
- Exercerán as súas funcións xestionando adecuadamente os equipos de traballo, promovendo a resolución de conflitos internos e externos, utilizando adecuadamente os recursos materiais e humanos, coñecendo e dando a coñecer as normas e procedementos, informando permanentemente aos seus subordinados, cumprindo e facendo cumprir as ordes, e informando e coordinando ás distintas quendas, unidades, seccións ou grupos.
- Estarán obrigados a cumprir as ordes do Xefatura do Corpo ou dos seus inmediatos superiores.
- Auxiliarán nas súas funcións aos seus inmediatos superiores xerárquicos e substituiránlles nas súas ausencias e vacantes, ademais auxiliarán e apoiarán directamente aos seus subordinados, en especial cando sexan requiridos para iso.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

- Velarán polo exacto cumprimento das instrucións e servizos que lles sexan encomendados así como do persoal ás súas ordes, cumprindo o horario establecido, na forma, uniformidade e medios que se lles asignou e indicado.
- Practicarán visitas de inspección periódicas e frecuentes aos lugares ou zonas en que presten servizo os seus subordinados, para comprobar a actuación destes e o estado de materiais e, no seu caso, das dependencias, darlles apoio e corraxir calquera anomalía que puidese producirse.
- Informarán tanto as actuacións meritorias e destacadas do persoal ás súas ordes, como das posibles infraccións ou irregularidades que puidesen cometer.
- Informarán das novidades ocorridas durante o servizo, verbalmente ou por escrito, segundo a importancia das mesmas.
- Calquera outra función que lle sexa encomendada pola ficha de valoración da RPT, pola Xefatura do Corpo ou superiores xerárquicos e as que de acordo co seu cargo lle correspondan.
- O mando de maior categoría ou antigüidade asumirá a responsabilidade e dirección dos actos que se realicen na súa presenza.

Art. 14: Oficiais do Corpo

1. Os/as Oficiais de Policía Local, deberán levar a cabo o cumprimento das funcións policiais propias do servizo. A realización de funcións planificadas polos seus superiores, a supervisión, control e vixilancia de cumprimento por parte dos seus subordinados das instrucións, ordes e servizos encomendados.

Correspóndelle aos/ás Oficiais de Policía Local o control operativo na súa quenda de servizo de todas aquelas actuacións e dispositivos que requiran a súa coordinación directa, en todo caso, cando se produzan grandes concentracións humanas, debendo levalo a cabo de xeito presencial cando así sexa preciso ou se indique na orde de servizo correspondente. Ocuparase tamén de comprobar, verificar e controlar o cumprimento dos protocolos de seguridade operativa.

2. Cando as necesidades do servizo requíranlo, as funcións de categoría superior poderán ser asignadas expresa e provisionalmente a persoal da categoría inmediatamente inferior.

Art. 15: Axentes de Policías

Corresponde ós/ás Policías:

- A realización de funcións e tarefas propias dos/das axentes da Policía Local recollidas na lexislación vixente aplicable, de acordo coas ordes e directrices dos/ das superiores xerárquicos/as e baixo a supervisión e control destes/as.
- Informar aos mandos sobre as intervencións realizadas, solicitando o seu apoio cando revistan certa complexidade.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

- Calquera outra función de similar natureza que lle sexa encomendada polo/a superior xerárquico/a, e toda aquelas que se recollen na ficha de valoración da RPT.

Art. 16: Auxiliares de Policía Local

1. O Concello de Pontearreas poderá acordar a contratación para incremento transitorio do seu cadro de persoal a empregados/as con funcións auxiliar de policía. Este incremento non superará o 50 por cento do persoal funcionario da Policía Local, non podendo tampouco ter unha duración de máis de catro meses.

Para isto, deberase tramitar o correspondente expediente, do que terá que darse conta á consellería competente en materia de seguridade da Xunta de Galicia.

2. Excepcionalmente, ao abeiro do disposto no parágrafo 7 do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, a consellería competente en materia de seguridade, en determinados casos debida e obxectivamente xustificadas, poderá permitir a contratación dun número de auxiliares superior 50 por cento do persoal funcionario da policía local, e/ou por unha duración superior aos catro meses, que en todo caso non pode superar os seis meses dentro do ano natural.

O procedemento para a obtención desta autorización será o contido no Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, ou norma que o substitúa.

3. Os Auxiliares de Policía local desempeñarán as funcións de apoio e de auxilio aos membros do Corpo de Policía local no marco do disposto na lexislación de Corpos e Forzas de Seguridade.

4. A selección farase seguindo criterios semellantes aos fixados para os integrantes dos corpos da policía local na Lei 4/2007, no Decreto 243/2008 que a desenvolve (modificado polo Decreto 77/2010, do 29 de abril) e na Orde do 28 de xaneiro do 2009, ou normas que os substitúan.

5. Para o acceso a persoal Auxiliar de la Policía local requirirase a certificación de ter superada a educación secundaria obrigatoria, título de graduado escolar ou equivalente, correspondente ao grupo C, subgrupo C2, do Estatuto básico do empregado público.

6. A uniformidade dos/as Auxiliares de Policía Local, de acordo co previsto no artigo 96 Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, será a mesma do persoal do Corpo de Policía Local, en función das súas necesidades, da época en que sexan contratados e segundo determine a xefatura da Policía Local, pero distinguíranse nos seguintes aspectos:

- Levarán a lenda “auxiliar de policía local” tanto na parte dianteira dereita do peito da peza de que se trate como centrada nas costas.
- Non levarán distintivos nas ombreiras.

7. O seu carné profesional será semellante ao do persoal de Policía Local e nel substituirase a categoría por Auxiliar de Policía Local. O Concello facilitaralles un número de identificación.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

8. Non terán placa-emblema metálica, que substituirase por un modelo específico en material plástico ou semellante, que irá impreso, pegado ou cosido na peza de que se trate.

9. Non poderán levar armas, pero si os medios de dotación que considere o Concello ou a Xefatura do Corpo de acordo coas súas concretas funcións.

Art. 17: Persoal policial en prácticas

O persoal policial en período de prácticas estará suxeito as mesmas obrigas e tarefas do posto para o que está a formarse. Se for de novo ingreso no corpo de Policía Local durante este período percibirá o salario polos conceptos de salario base, trienios e complemento de destino que lle correspondan polo posto que espera ocupar.

Art. 18: Persoal non policial

O persoal non policial, funcionario ou laboral, que o Concello poida adscribir ao servizo de Policía Local, dependerá da adscrición que lle corresponda non poderá realizar funcións que correspondan á Policía Local.

TÍTULO III: Cuadrante de servizo e quendas.

Art. 19: Marco normativo

1. A organización da Policía Local de Ponteareas réxese polo seu cuadrante de traballo, no que se establecerán as quendas, descansos e calquera outras circunstancias que afecten as necesidades do servizo. O cuadrante de traballo será anual, comezando o 1 de febreiro e terminando o 31 de xaneiro do ano seguinte, non podendo realizarse modificación algunha no mesmo sen un acordo maioritario dos/das integrantes, facilitando con esta medida a consulta e participación dos/das traballadores/as no mesmo, salvo causa motivada por parte da Xefatura da Policía que, en caso de proceder á modificación da quenda de traballo dalgún dos integrantes por causas sobrevindas e de maneira motivada por cuestións de servizo, compensarase ao traballador cos descansos oportunos coa finalidade de non prexudicalo con respecto aos demais traballadores.

2. En base ao artigo 94 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que no seu artigo 94, establece que: “A xornada de traballo dos funcionarios da Administración local será en cómputo anual a mesma que se fixe para os funcionarios da Administración Civil do Estado. Aplicaráselles as mesmas normas sobre equivalencia e redución de xornada”.

3. A Policía local de Ponteareas adaptarase aos Regulamentos, Directivas e Instrucións da Unión Europea que regulen as distintas modalidades de prestación do servizo, así como na concreta aplicación, especialmente no concernentes ao traballo nocturno, como reflicte a Directiva 2003/88/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 4 de novembro de 2003 relativa a determinar aspectos da ordenación do tempo de traballo.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

4. O número de horas anuais de traballo dos funcionarios do corpo da Policía Local de Ponteareas será a mesma que se fixe con carácter xeral, para o resto dos empregados do Concello de Ponteareas, tendo en conta as particularidades do seu servizo e as compensacións correspondentes, así como os índices correctores apuntados no presente Regulamento.

5. Pola Xefatura da Policía Local confeccionarase anualmente un calendario laboral, no cal se recollerán os días e quendas concretas en que cada policía debe realizar a súa xornada de traballo, así como os descansos que lle corresponden, debendo estar exposto nun prazo mínimo de 15 días no taboleiro de servizos situado nas dependencias policiais, para a consulta dos/das traballadores/as, previo a súa aprobación.

6. Á hora de elaborar o cuadrante de servizos pola Xefatura, terase en conta que todos os/as funcionarios/as, na medida do posible, realicen as mesmas quendas tanto de mañá como de tarde e o mesmo número de sábados, domingos e festivos.

Art. 20: Modalidade de horario e prestación de servizo.

1. A prestación dos servizos levarase a cabo conforme as seguintes modalidades horarias:

a) Modalidade de prestación do servizo de mañá. O servizo prestarase mediante a presenza física do/a funcionario/a no seu posto de traballo ou no lugar que se determine, en xornada continuada de mañá, conforme aos criterios que se establecen no presente regulamento.

b) Modalidade de prestación do servizo a quenda rotatoria. O servizo prestarase mediante a presenza física do funcionario no seu posto de traballo ou no lugar que se determine, consistente na prestación de servizos cunha cadencia regular fixa, determinada por ciclos que inclúen períodos de servizo de mañá, tarde e noite, así como un réxime propio de descansos, conforme aos criterios que se establecen no presente regulamento.

c) Modalidade de servizo en localización. Nesta modalidade o servizo prestarase fóra do posto de traballo, fóra do servizo efectivo, pero coa única obriga do/a funcionario/a de estar localizable en disposición de incorporarse cando sexa requirido.

2. Tendo en conta o artigo 94 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, fixaranse os índices correctores sendo 1,75 e 1,35 para as xornadas de domingo, festivas e nocturnas respectivamente como reflicte a circular da Dirección Xeral da Policía do 18 de decembro de 2015, pola que se desenvolve a xornada laboral dos funcionarios da policía nacional, comprometéndose o Concello de Ponteareas á actualización dos mesmo con respecto dos funcionarios das forzas e corpos de seguridade do estado sempre que existan variacións.

3. Para calcular as xornadas para compensar estarase aos seguinte índices correctores:

a) Horas diúrnas de día laborable: Desde as 6,00 ata as 22,00 horas de luns a venres laborable, e desde as 6,00 ás 14,00 horas de sábado laborable, compensarase con 60 minutos por hora traballada.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

b) Horas nocturnas de día laborable: Desde as 22,00 ata as 6,00 horas, de luns a venres laborable, compensarase con 81 minutos por hora traballada (índice corrector 1,35).

c) Horas de día domingos, festivos e días non laborables: Desde as 14:00 horas do sábado ata as 06:00 horas do luns e desde as 22:00 horas da véspera de festivo ata as 06:00 horas do día seguinte hábil, compensarase con 105 minutos por hora traballada (índice corrector 1,75).

4. Os servizos da Policía Local de Pontearreas garantirá o servizo durante as 24 horas, todos os días do ano, sempre que o número de efectivos permítalo. A modalidade de prestación do servizo da Policía Local de Pontearreas será preferentemente a quendas rotatorias, consistente na prestación de servizos cunha cadencia regular fixa, determinada por ciclos que inclúen períodos de servizo de mañá, tarde e noite, así como un réxime propio de descansos.

Será obrigatorio que o Persoal estableza a modalidade de quendas rotatorias, sempre que a dotación de persoal permítalo podendo existir variacións ou outra modalidade, previa proposta do Xefe da Policía e acordo da maioría de funcionarios/as pertencentes ao Corpo da Policía ou acordo do funcionario/a a quen se lle propoña outra modalidade.

Art. 21: Modalidade prestación do servizo de mañá.

i.a.i.1. O servizo prestarase mediante a presenza física do funcionario no seu posto de traballo ou no lugar que se determine, en xornada continuada de mañá de luns a venres laborables, en horario de 07:00 horas ás 14:30 horas.

i.a.i.2. Mediante esta modalidade desempeñarán o seu servizo os/as funcionarios/as propostos/as pola xefatura da Policía Local, por necesidade da súa actividade, debido as funcións que desempeñe ou do nivel de responsabilidade.

i.a.i.3. Os funcionarios do corpo da Policía que teñan establecidos esta modalidade de servizo seralles de aplicación os dereitos e compensacións por festivos, festa e redución de verán, conforme establece o Acordo Regulador dos funcionarios ao servizo do Concello de Pontearreas.

Art. 22: Modalidade de prestación do servizo a quenda rotatoria.

i.a.i.3.a.i.1. O servizo prestarase mediante a presenza física do funcionario/a no seu posto de traballo ou no lugar que se determine, consistente na prestación de servizos cunha cadencia regular fixa, determinada por ciclos que inclúen períodos de servizo de mañá, tarde e noite, así como un réxime propio de descansos, conforme aos criterios que se establecen no presente regulamento.

i.a.i.3.a.i.2. Para establecer a quenda rotatoria terase en conta os coeficientes correctores que se establecen no regulamento, tamén se terá en conta a compensación en días de descanso que pola natureza das funcións da Policía Local de Pontearreas, estes funcionarias/os que integran o corpo da policía Local non poidan gozar como o resto de funcionario do concello, por exemplo os festivos, festas sinaladas, etc, así como dos dereitos como a redución da xornada laboral



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

no Verán ou a compensación por traballar os días 24 e 31 de decembro como se establece no Acordo Regulador do persoal funcionario do Concello de Ponteareas.

i.a.i.3.a.i.3. A xornada de traballo da categoría de Policía será de 06:00 h a 14:00 h na quenda de mañá, de 14:00 h a 22:00 h na quenda de tarde e de 22:00h a 6:00h na quenda de noite. Este horario poderá ser modificado a proposta da Xefatura e acordo da maioría do funcionarios integrantes do corpo da Policía Local, sempre que exista acordo coa Alcaldía ou Concellería delegada.

4. Debido á natureza das funcións da policía Local, estes/as funcionarios/as non poderán gozar dos dereitos recoñecidos para o resto dos/das funcionarios no Convenio Regulador no relativo a redución de xornada de verán, as reducións por festividade e dereito ao carácter inhábil dos días 24 e 31 de Decembro, tal e como gozan o resto de funcionarios.

5. As horas de formación voluntaria que se establecen no acordo regulador do persoal funcionario ao servizo do Concello de Ponteareas, poderán ser cedidas polos traballadores, sendo compensadas no computo global anual e integradas na quenda rotatoria sempre previo acordo da maioría dos/as funcionarios/as do corpo da policía.

Art. 23: Modalidade de servizo en localización.

1. Esta modalidade o servizo prestarase fóra do posto de traballo, sen asignación de tarefas ou servizos, coa única obriga do/a funcionario/a de estar localizable en disposición de incorporarse en condicións de levar a cabo os seus labores no servizo presencial cando sexa requirido/a para iso, dentro do prazo de tempo que se estableza que non poderá ser superior a 45 minutos. En consecuencia, o servizo en localización non terá a consideración de tempo de traballo.

Non terá a consideración desta modalidade de servizo o feito de estar localizado/a durante a xornada de traballo mediante calquera dispositivo.

2. O servizo en localización establécese co obxectivo de garantir que estean dispostos efectivos que cubran o servizo da Policía Local de Ponteareas, cando necesidades extraordinarias así o requiran, fundamentalmente en festas e eventos programados ou por cuestións sobrevindas.

A incorporación deste servizo supón unha maior dedicación que quedará convenientemente rexistrada e avaliada na Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, no complemento específico de todos o funcionarios activos integrantes do corpo da Policía Local.

2. A planificación do mesmo, as súas horas de inicio e finalización, establecerase mediante un calendario de servizo proposto polo Xefe da Policía Local cunha antelación mínima de 30 días naturais, e previa consulta ao funcionario/a para establecer as gardas de maneira consensuada favorecendo deste modo a conciliación familiar, atendendo sempre ao obxectivo deste servizo en localización de ter cubertas así as franxas horarias que se determinen, especialmente festas e eventos programados.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

3. Cada funcionario/a da Policía Local realizará a proposta da Xefatura a cantidade de 160 horas anuais, repartidas de maneira equitativa durante todo o ano, non podendo realizar máis de 24 horas nun mesmo mes, o exceso no máximo de horas anuais ou mensuais por cuestións sobrevividas, computarase a razón de 30 minutos de traballo efectivo por cada hora de servizo en localización, dando lugar á compensación en días ou horas de libranza.

No caso de que se produza a incorporación ao posto de traballo por ser requirido/a para iso, o cálculo do tempo efectivamente desempeñado comezará desde o momento en que o/a funcionario/a sexa requirido (nunca mais de 45 minutos polo desprazamento) e estenderase ata o momento en que remate o servizo presencial. O tempo efectivamente desempeñado computará como tempo de traballo en servizo extraordinario, dando lugar á correspondente compensación conforme establece o Acordo Regulador do Persoal Funcionario ao servizo do Concello de Pontearreas.

4. Todo o persoal policial en activo quedará adscrito ao réxime de servizo en localización, que a Xefatura da Policía haberá de establecer, con quendas previamente autorizadas polo/a Alcalde/sa ou pola persoa titular da Concellería Delegada. Con carácter excepcional e por razóns de emerxencia, estes calendarios poderán ser modificados, de forma motivada e con traslado por escrito aos/ás interesados/as.

O servizo en localización realizaranse preferentemente na quenda anterior á que corresponda a cada axente segundo o seu cuadrante de servizo presencial efectivo.

Na distribución deste servizo, en todo momento, respectarase con rigor a repartición equitativa entre o persoal policial do Corpo da Policía.

5. O calendario do servizo en localización deberá ser previamente autorizado polo/a Alcalde/sa ou pola persoa titular da Concellería Delegada en materia de seguridade cidadá. A estes efectos, a Xefatura da Policía Local remitirá unha memoria proposta que conterá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a. Descrición do traballo a realizar e xustificación da necesidade.
- b. Designación do/a funcionario/a ou funcionarios/as do corpo de Policía Local que realizarán o servizo en localización, xunto coa conformidade expresa do persoal afectado.
- c. Duración do tempo de servizo en localización por cada un/ha dos/as funcionarios/as propostos/as.

6. Mensualmente, deberá emitirse inescusablemente pola Xefatura da Policía Local unha certificación sobre a efectiva realización dos servizos en localización, con indicación expresa dos datos de cada axente, da data e do número das horas realizadas, sen que poida superar o das autorizadas, concretando as horas de inicio e remate. Esta certificación virá acompañada do estado detallado de todo o persoal policial indicando o número de horas acumuladas no ano por servizos en localización de cada axente.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

A certificación, xunto coa autorización da Alcaldía e o estado antedito, será comunicada aos Departamentos de Recursos Humanos, Intervención Municipal e Alcaldía, dentro dos primeiros 5 días hábiles de cada mes seguinte ao que se informa.

TÍTULO IV.- Dereitos e deberes

Art. 24: Dereitos

1.- De conformidade co establecido na normativa vixente, as persoas integrantes do Servizo da Policía Local de Pontearreas terán os mesmos dereitos que o resto de persoal funcionario do Concello, sen prexuízo dos que se lle recoñezan na normativa de coordinación de policía locais de Galicia, na lexislación de Forzas e Corpos de Seguridade e neste regulamento.

2.- O Concello de Pontearreas outorgará ás persoas integrantes do seu Corpo de Policía Local a debida consideración social á súa xerarquía e dignidade do servizo policial que realizan, protexeralles e amparará no cumprimento das funcións encomendadas, garantirá o exercicio e goce dos dereitos recoñecidos e velará pola súa saúde física e psíquica.

3.- As persoas integrantes do corpo da Policía Local de Pontearreas terán dereito á asistencia letrada nos casos preceptivamente esixidos pola Lei, a tal fin a Corporación Local garantirá a necesaria defensa xurídica especializada nas causas que se sigan contra eles como consecuencia de actuacións realizadas no exercicio das súas funcións.

En ningún caso terá dereito á asistencia xurídica ao funcionario que incorrese en dolo, negligencia ou abuso de funcións.

Art. 25: Dereitos individuais de exercicio colectivo

1.- Garántese o exercicio dos dereitos sindicais a todas as persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Pontearreas nos termos que determine a lexislación vixente e, en particular, a de poder afiliarse a partidos políticos, sindicatos e asociacións profesionais ou doutra índole, sen que isto poida ser motivo de discriminación.

2.- Para a representación, defensa e promoción dos seus intereses profesionais, económicos e sociais, o persoal funcionario do Corpo da Policía Local de Pontearreas poderá integrarse libremente nas organizacións sindicais, separarse delas e constituír outras organizacións, de acordo co marco legal de aplicación. Así mesmo poderán participar nelas como representantes das mesmas, segundo establécese na lexislación vixente e nos termos sinalados no Acordo regulador vixente.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

Art. 26: Limitación do dereito de folga

No exercicio do dereito de folga, as persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Pontearreas estarán sometidas ao mesmo réxime que o establecido para as demais Forzas e Corpos de Seguridade. Neste sentido non poderán exercer en ningún caso o dereito de folga nin accións substitutivas deste ou concertadas a fin de alterar o normal funcionamento dos servizos.

Art. 27: Dereito á protección fronte a riscos laborais

1. As persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Pontearreas terán dereito á prevención de riscos profesionais, a unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo, así como á eliminación dos factores de risco e accidente. Para iso deberán recibir información e formación en materia preventiva sobre os riscos específicos que afecten ao seu posto de traballo, así como tamén poderán formular propostas relativas a diminuír a importancia dos mesmos.

2. Terán dereito á promoción da seguridade e á saúde no desenvolvemento da súa función e á prevención de riscos laborais nos termos que estableza a lexislación específica para o ámbito das funcións públicas de policía e seguridade así como polos protocolos de seguridade operativa aprobados con carácter interno.

3. Prestarase especial atención na protección da saúde psicolóxica do persoal policial e supervisarase a aptitude necesaria para o manexo de armas e outros elementos de uso policial.

Art. 28: Equipos de traballo

Por parte da Corporación Municipal e a Xefatura da Policía, deberán adoptarse as medidas precisas para que os equipos de traballo sexan adecuados para as funcións previstas e que á súa vez garantan a seguridade do persoal que os utilice.

A fin de lograr unha adecuada prestación policial a adquisición do equipamento adecuarase ás condicións fisiolóxicas do persoal a quen vaia destinado.

Art. 29: Protección á maternidade

As funcionarias integrantes da Policía Local de Pontearreas, deberán ter a adecuada protección nas súas condicións de traballo durante os períodos de xestación, maternidade e lactación, adscribíndolles ao servizo ou destino que, segundo o seu estado, resulte aconsellable. A tal fin as interesadas deberán comunicar o seu estado de xestación ou lactación á Xefatura do Corpo.

Art. 30: Medios e instalacións

A imaxe do Corpo da Policía Local é moi importante, polo que os axentes disporán dos medios e instalacións apropiados para a cobertura das súas funcións e para a atención adecuada á cidadanía.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

Art. 31: Deberes en xeral

As persoas integrantes do Servizo da Policía Local de Ponteareas, terán os mesmos deberes que o resto de persoal funcionario do Concello de Ponteareas, sen prexuízo do disposto na normativa de coordinación de policía locais de Galicia, na lexislación de Forzas e Corpos de Seguridade e neste Regulamento.

Art. 32: Incompatibilidades

As persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Ponteareas non poderán exercer ningunha outra actividade pública ou privada, salvo as exceptuadas no réxime xeral de incompatibilidades. Para exercer calquera actividade que sexa compatible os interesados deberán procederán a solicitalo na forma que se establece legalmente.

Art. 33: Ordes

As persoas integrantes do Servizo da Policía Local de Ponteareas deberán obedecer e executar as ordes recibidas dos seus mandos, salvo que estas poidan ser constitutivas de delito ou contradigan a Constitución ou as leis. Neste caso darán conta inmediata ao/á superior xerárquico/a de quen dese a orde.

Con carácter xeral as ordes serán verbais, sen prexuízo daquelas que pola súa transcendencia ou complexidade, ou por ambas as razóns á vez requíranos, deben ser cursadas por escrito, salvo casos de urxencia sen prexuízo de que estas se ratifiquen por escrito ou outro medio que permita a constancia fidedigna da mesma. Igual suposto será de aplicación en caso de dúbida ou contradición sobre o aspecto legal dunha orde, nese caso poderá darse conta ao/á superior xerárquico/a de quen a dese.

En canto ao réxime da obediencia debida estarase ao disposto no Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei Orgánica 2/1986, de Forzas e Corpos de Seguridade.

Art. 34: Presentación e coidado do aspecto persoal

Os axentes de Policía cando presten servizo de uniforme coidarán o aspecto persoal, presentándose en todo momento en perfecto estado de revista e aseo persoal.

1.—Utilizarán exclusivamente as pezas e distintivos de uniformidade regulamentarias. En calquera caso, as persoas integrantes dunha mesma patrulla ou dotación deberán utilizar o mesmo tipo de uniformidade.

2.—Todos os botóns do uniforme irán debidamente abotoados. As cremalleiras de cazadoras e chaquetóns irán convenientemente subidas.

3.—Non se deixarán ver baixo o uniforme pezas non regulamentarias. Prohíbese a utilización incompleta do uniforme que en cada momento deba utilizarse.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

4.—Non se poderán utilizar insignias, cordóns ou similares non incluídos na uniformidade regulamentaria, nin levar en lugar visible chaveiros ou calquera outro obxecto. Excepciónanse os distintivos outorgados por organismos públicos, relacionados coa actividade policial de acordo coa normativa vixente.

5.—O uso de peza de cabeza (gorra) será obrigatorio durante a prestación do servizo excepto dos lugares cubertos, no interior de vehículo ou onde as circunstancias do servizo desaconsélleno.

6.—As pezas de uniformidade deben estar perfectamente limpas, pasadas o ferro e cepilladas. Non se utilizarán pezas deterioradas ou descoloridas, neste caso reparanse o máis axiña posible, solicitándoo á Xefatura para o seu trámite oportuno.

7.—En xeral os membros do Corpo da Policía Local absteranse de utilizar calquera elemento que deteriore a imaxe pública do mesmo. Prestarán especial atención á conservación tanto do vestuario como dos materiais ao seu cargo.

Art. 35: Actitude durante o servizo

1. As persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Pontearreas, manterán no servizo unha actitude correcta e de vixilancia activa, absténdose de realizar calquera comportamento, conduta ou actividade que afecte negativamente á boa imaxe do corpo policial.

2. As persoas integrantes do Corpo, aparte de prestarse mutuo apoio, axustarán a súa actuación ao principio de cooperación recíproca coas demais persoas integrantes doutras Forzas e Corpos de Seguridade.

3. As persoas integrantes do Corpo deberán ser especialmente coidadosas no trato co público, así como con superiores e subordinados. Nas súas intervencións, actuarán con reflexión, dilixencia e prudencia, sen aventurar xuízos previos nin precipitar decisións.

En especial, deberán mostrar un respecto escrupuloso cara á diversidade social e identidade de xénero, impedindo e evitando calquera comportamento de carácter discriminatorio ou ofensivo.

4. O uso do teléfono móbil particular, ou instrumento de tecnoloxía de comunicación similar, durante o servizo, restrinxirase ao imprescindible e en momentos en que o seu uso non afecte os seus labores ou á imaxe corporativa. En ningún caso utilizarase cando se presten servizos operativos ou funcionais, tales como regulación do tráfico, intervencións operativas, intervencións en presenza da cidadanía e, en xeral, todos aqueles en os que poida poñerse en risco a debida actitude vixiante.

5. As persoas integrantes do Corpo da Policía Local non poderán consumir bebidas alcohólicas nin calquera droga tóxica, estupefaciente, substancia psicótropa ou similares, mentres estean de servizo ou se atopen nalgunha dependencia policial. Tampouco poderán estar baixo a influencia de calquera destas substancias. O cumprimento desta obriga poderá verificarse a través de probas técnicas, que deberán ser ordenadas de forma expresa polo superior responsable.



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

6. Mentres estean de servizo, as persoas integrantes do Corpo da Policía Local absteranse de fumar cando se dirixan á cidadanía, durante a regulación do tráfico e no interior de vehículos oficiais, manifestando a máxima discreción en calquera outra circunstancia.

Art. 36: Puntualidade

Observarán estrita puntualidade na asistencia ao servizo, comunicando axiña que como sexa posible ós/ás superiores dos que dependan directamente o seu atraso ou a súa falla de asistencia, sen menoscabo do establecido no acordo regulador dos/das funcionarios/as.

Art. 37: Condución de vehículos

Os membros da Policía Local que conduzan vehículos tanto oficiais como particulares, darán exemplo de prudencia e rigoroso respecto ás normas de tráfico.

Art. 38: Comparecencia ante órganos xudiciais

Os membros da Policía Local de Ponteareas, están obrigados a comparecer ante órganos xudiciais cando sexan citados ao efecto, cando esta comparecencia sexa con motivo da súa actividade laboral. O incumprimento deste deber levará as sancións previstas na Lei.

A comparecencia diante de órganos xudiciais fora de servizo compensaranse con 4 horas extraordinarias si o xuízo ou comparecencia ten lugar na localidade de Ponteareas, e de 6 horas se tratárase dunha localidade distinta, se a comparecencia fose en tempo de servizo e esta se prolongase provocando o atraso de saída do posto de traballo en máis de 30 minutos da hora normal de saída do funcionario/a, se compensará ao menos cunha hora extraordinaria, sen prexuízo da xustificación oportuna.

Establecerase o valor da hora extraordinaria segundo queda estipulado no Acordo Regulador do Persoal Funcionario do Concello de Ponteareas.

Art. 39: Obriga de coñecer á Corporación Municipal

As persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Ponteareas teñen a obriga de coñecer a todos os compoñentes da Corporación Municipal. Cando se atopen de servizo, deberán saudarlles de conformidade co disposto no presente Regulamento.

Art. 40: Datos de localización

As persoas integrantes do Corpo da Policía Local de Ponteareas están obrigadas a comunicar a dirección do seu domicilio habitual e o teléfono de contacto. Estes datos figurarán nos rexistros correspondentes, tendo a consideración de confidenciais e reservados, e sometidos á normativa vixente nesta materia, sendo o seu uso exclusivo por razóns do servizo.



Art. 41: Obrigas das persoas integrantes do Corpo en materia de prevención

1. Corresponderá a cada persoa funcionaria policial, segundo as súas posibilidades e mediante o cumprimento estrito das medidas de prevención adoptadas, velar pola súa propia seguridade e pola daqueloutras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional ou estean baixo o seu mando.

2. En particular deberán:

- Usar adecuadamente, e cumprindo estritamente a legalidade, os instrumentos e equipos postos á súa disposición.
- Utilizar os medios e equipos de protección de que sexan dotados.
- Informar de inmediato ao/á seu/súa superior xerárquico/a acerca de calquera situación que, ao seu xuízo, entrañe risco para a seguridade do propio policía, dos/as seus/súas compañeiros/as ou de terceiras persoas.

Art. 42: Estados de alarma, excepción ou sitio

As persoas integrantes do Servizo da Policía Local de Pontearreas deberán comunicarse inmediatamente coas dependencias policiais, tan pronto teñan coñecemento da declaración dos estados de alarma, excepción ou sitio e nos casos de calamidade pública ou de grave alteración da seguridade cidadá, para a súa inmediata incorporación ao servizo.

Art. 43: Situacións excepcionais de prestación de servizos

1. En situacións excepcionais, cando se produzan feitos ou emerxencias que así o esixan e para atender as necesidades do servizo, o persoal funcionario policial, incluído o que se atope en segunda actividade, poderá ser requirido para a súa incorporación ou prolongación de xornada e estará obrigado á prestación de servizo permanente ata que cesen os motivos de emerxencia ou excepcionalidade.

Procurarase nestas situacións substituír na prestación do servizo ao persoal funcionario coa frecuencia que o permita a situación concreta e a dispoñibilidade de medios humanos, a fin de manter en todo momento a maior eficacia posible da súa intervención.

2. Será o órgano municipal correspondente quen determinará de xeito motivado as circunstancias especiais de emerxencia e excepcionalidade que permitan suspender temporalmente o réxime de descanso e permisos previamente establecidos, comunicando dita circunstancia de maneira inmediata á Xefatura da Policía e dando lugar as correspondentes compensación económicas segundo establece o Acordo Regulador do Persoal Funcionario do Concello de Pontearreas.

Art. 44: Adaptacións das quendas de traballo por motivos de conciliación

As persoas integrantes do Corpo ás que se lles conceda algunha medida de conciliación familiar mediante resolución do Servizo de Persoal e o horario, quenda e libranza solicitados sexan compatibles co xeneral da unidade, sección ou grupo organizativo en que preste servizo



Luns, 10 de abril de 2023

Núm. 68

e igualmente cos labores propios destes e non produzan desequilibrios nin alteren o normal funcionamento dos mesmos, poderán seguir desempeñando as súas funcións nos citados destinos.

A Xefatura do Corpo, atendendo ao número e tipo de peticións e para garantir as necesidades do servizo, poderá establecer franxas horarias de traballo comúns en relación ao comezo e finalización da xornada laboral, aos cales se adscribirán as persoas funcionarias que soliciten de exercicio do dereito de conciliación.

Art. 45: Réxime de retribucións

